

## A proposta de Función Pública non acada para dar solución os problemas de persoal que hai na Administración Xeral do Estado

Aínda que, numericamente, ven a ser a maior Oferta de Empleo Público dos últimos anos, consideramos que non vai dar solución a falla de persoal que teñen os distintos Departamentos e Organismos da Administración Xeral do Estado. De seguido van os datos de prazas a convocar:

GRUPOS	LIBRE	PROMOCIÓN
<b>A1</b>	2.561	<b>721</b>
<b>A2</b>	2.930	<b>2.027</b>
<b>C1</b>	3.690	<b>3.859</b>
<b>C2</b>	610	<b>933</b>
<b>Laborais Convenio Único</b>	1.526	<b>1.289</b>
<b>Outro Persoal Laboral</b>	398	<b>153</b>
<b>TOTAIS</b>	<b>11.715</b>	<b>8.982</b>

Dende a **CIG** demandamos que a **Oferta de Empleo non se limitarse a un exercicio numérico para cubrir as baixas producidas**; debería ir mais aló e atender as necesidades reais e ampliar os cadros de persoal diminuídos polos axustes do pasado.

A pesares de que dende o ano 2018 hai un crecemento sostido no número de postos incluídos nas Ofertas de Empleo, non se reflexa nun incremento real de efectivos; nin sequera consegue manter os xa existentes. Segundo datos do Rexistro Central de Persoal, entre xaneiro de 2018 e xaneiro do 2021, houbo unha perda de mais de 6.000 efectivos.

Sendo coñecedores de que, nos vindeiros anos, unha gran parte do persoal estará en idade de xubilación; solicitamos da administración que se anticipase aos acontecementos coa aprobación dunha Oferta Extraordinaria plurianual, para atender as necesidades daqueles servizos que xa agora están en situación límite pola falla de persoal.

Como queira que as propostas da **CIG**, entre as que tamén se atopaban a solicitude dunha diagnose de Recursos Humanos e unha revisión dos sistemas selectivos, non foron atendidas; rexeitamos calquera posibilidade de chegar a un acordo sobre a publicación do Real Decreto de Oferta 2021.